

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA RELATIVA Á SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE VILASANTAR PARA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VINCULADAS Á PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ALUMEADO PÚBLICO**

### **I. Departamento que tramita a addenda**

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

### **II. Antecedentes**

Con data 31 de xaneiro de 2025, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asinou co Concello de Vilasantar un convenio de colaboración para a mellora das infraestruturas vinculadas á prestación do servizo municipal de alumeado público.

O obxectivo básico desta actuación consiste na mellora das infraestruturas vinculadas á prestación do servizo municipal de alumeado público, a través dun proxecto de redución de contaminación lumínica e mellora dos alumeados públicos do concello.

A finalidade de levar a cabo este proxecto é un paso necesario para cumprir cos obxectivos da lexislación vixente en materia de eficiencia enerxética e redución da contaminación lumínica polo que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte, no fomento dos intereses peculiares da comunidade, contribúe economicamente no desenvolvemento deste proxecto, motivado por razón de interese público principalmente de carácter medioambiental, social, económico e humanitario como é a mellora na prestación do servizo de alumeado público, como necesidade colectiva da veciñanza, para cubrir as necesidades operativas municipais.

A necesidade da colaboración solicitada á Consellería acentúase pola confluencia doutros factores: a realización desta actuación está en proceso de execución e é financiada nun 85% (282.112,40 €) a través dunha axuda do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia DUS 5000 cuxo prazo de xustificación finaliza o 3 de maio de 2025. O restante 15 % (49.784,55€) do orzamento deste proxecto que non está financiado pola axuda anteriormente reseñada, debe ser asumido polo Concello de Vilasantar. Ao tratarse dun



concello pequeno, supón unha gran parte do orzamento municipal que Vilasantar non pode custear.

A falta de recursos dun concello pequeno para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Vilasantar de afrontar en solitario os compromisos económicos que a cofinanciación da execución das actuacións obxecto de subvención representan para a Facenda local.

O orzamento total da actuación é de 331.896,95 € (IVE incluído).

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima de CORENTA E NOVE MIL SETECENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (49.784,55 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088). Esta cantidade representa o 15% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

Na cláusula sexta "conta xustificativa" do convenio establécese como data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención, o 1 de xullo de 2025.

O Concello de Vilasantar solicitou a ampliación do prazo para execución das obras de mellora das infraestruturas vinculadas á prestación do servizo municipal de alumeadado público e da presentación da documentación xustificativa, dado que segundo manifesta, *"as obras proxectadas están en curso desde a data do 16 de abril de 2025 (donde se asina acta de replanteo), debido aos problemas de subministro de materiais necesarios para a correcta execución dos traballos, acaecido pola necesidade de importación de material a terceiros países e retrasos nos mesmos"*.

En consecuencia, solicita unha prórroga de 4 meses dende a finalización do prazo inicialmente concedido, ata o 1 de novembro de 2025, para a adecuada execución e xustificación dos traballos obxecto do convenio.

Á vista desta solicitude, con data 25 de xuño de 2025 reuniuse a Comisión Mixta prevista na cláusula decimo sexta "Seguimento do convenio" para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio asinado, entre cuxas funcións se atopa a proposta de addendas.



A Comisión Mixta estudiou a proposta do Concello e considerou que procede a formalización dunha addenda para tal fin, na que se recolla a modificación dos prazos establecidos para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención, ata o 1 de novembro de 2025.

O 27 de xuño de 2025 a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Vilasantar asinaron unha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Vilasantar para mellora das infraestruturas vinculadas á prestación do servizo municipal de alumeado público, co obxecto de ampliar o prazo de execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención ata o 1 de novembro de 2025.

Esta modificación ten a súa xustificación na solicitude de ampliación do prazo de execución dos traballos de 4 meses, asinada polo director de obra e coordinador de Seguridade e Saúde, Jesús Manuel Mallo Puga, e co fin da obtención dos materiais necesarios para a correcta execución das obras segundo a documentación técnica correspondente.

### **III. Obxecto**

O 7 de outubro de 2025 o Concello de Vilasantar solicita unha ampliación do prazo para a execución dos traballos de mellora das infraestruturas vinculadas á prestación do servizo municipal de alumeado público e para presentación da documentación xustificativa da subvención concedida, ata o 30 novembro de 2025.

Na cláusula primeira do convenio establécese a contía total do proxecto subvencionado cun orzamento total de 331.896,95 € (IVE incluído).

Na cláusula terceira do convenio establécese a contía que achega a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, que é de 49.784,55 €.

O Concello de Vilasantar tamén solicita que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes amplíe a súa achega económica en 16.726, 77 €, de xeito que a contía que se recollía na cláusula terceira do convenio asinado, que era de 49.784,55 € (o 15 % do importe total do proxecto) pase a ser de 66.511,32 € (o que suporía o 19,88 % do importe total do proxecto).

### **IV. Fundamentos da addenda**

A solicitude de ampliación do prazo de execución das obras, do prazo de presentación da documentación xustificativa e da modificación da contía á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes vén motivada pola resolución do IDAE de modificación do prazo de execución e da concesión dun anticipo xunto co que indica unha minoración da subvención concedida, sendo o novo importe da subvención de 268.010, 77 € e sendo o novo custe do proxecto actualizado de 334.521, 59 €.



## V. Finalidade

Co fin de estudar a proposta do concello, con data 15 de outubro de 2025 reuniuse a Comisión Mixta, integrada por dous representantes da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e dous representantes do Concello de Vilasantar, que propuxo a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración para a mellora das infraestruturas vinculadas á prestación do servizo municipal de alumeadado público acordando:

- A modificación do prazo establecido para a execución das actuacións subvencionadas e para a presentación da documentación xustificativa, establecido na cláusula sexta do convenio, ata o día 30 de novembro de 2025.
- A modificación do importe total do proxecto, de 331.896,95€, que ascende á 334.521,59€ e a ampliación da achega da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en 16.726,77€, o que supón o total de 66.511,32 € (o 19,88 % do orzamento total do proxecto).

A falta de recursos dun concello pequeno para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Vilasantar de afrontar en solitario os compromisos económicos que a cofinanciación da execución das actuacións obxecto de subvención representan para a Facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Vilasantar.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento da addenda para articular as actuacións de referencia, quedando a dita addenda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos





do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

## VI. Importe e aplicación orzamentaria

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima cantidade de sesenta e seis mil cincocentos once euros con trinta e dous céntimos SESENTA E SEIS MIL CINCOCENTOS ONCE CON TRINTA E DOUS EUROS (66.511,32€), con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088). Esta cantidade representa o 19,88 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio, e que ascende a 334.521,59 (IVE incluído). Para o restante 80,12% o Concello de Vilasantar solicitou unha axuda ao abeiro do "Programa de ayudas para inversiones a proyectos singulares locales de energía limpia en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000) en el marco del Programa de Regeneración y Reto Demográfico del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia Medida 4. Lucha contra la contaminación lumínica, alumbrado eficiente e inteligente, Smart rural y TIC" xestionado polo IDAE.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización da addenda para articular as actuacións de referencia, quedando a dita addenda fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico  
Francisco Javier Abad Pardo

